UNIVERSIDADE DE VIGO

# Programa docente en créditos ECTS

| | |
|---|---|
| CAMPUS : | OURENSE |
| DEPARTAMENTO : | HISTORIA, ARTE E XEOGRAFIA |
| CENTRO : | FACULTADE DE HISTORIA |
| TITULACIÓN : | LICENCIADO EN HISTORIA |

| | |
|---|---|
| CURSO : | 2012-2013 |

# MÉTODOS E TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA II

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Código** | 102411502 | **Tipo** | Troncal | **Curso** | 5º | **Cuadrimestre** | 1º | **horas** | 45 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Horas teoría** | 30 | **Horas prácticas** | 15 | **Grupos Teoría** | 1 | **Grupos Prácticas** | 1 |

| Nome profesor/a | horas asignadas (teoría) | horas asignadas (prácticas) |
|---|---|---|
| Alberto Valín Fernández | 15 | 7,5 |
| María Seijas Montero | 15 | 7 ,5 |
| | | |
| | | |

| Profesor/a(s) coordinador (es) | Aprobación Departamento | Aprobación Centro |
|---|---|---|
| Asdo.: Alberto Valín Fernández | Data Consello: 11-07-12 | Data Xunta: 11-7-12 |
| Asdo. : María Seijas Montero | Asdo.: Montserrat Iglesias Gómez | Asdo.: Mª del Carmen Fdez. Contreras |

# FICHA DE ASIGNATURAS DA TITULACIÓN DE HISTORIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA GUÍA DOCENTE

# EXPERIENCIA PILOTO DE CRÉDITOS EUROPEOS.

## *DATOS BÁSICOS DA ASIGNATURA*

**NOME**: MÉTODOS E TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA II

| | |
|---|---|
| **CÓDIGO**: 102411502 | **CURSO ACADÉMICO**: 5º |
| **TIPO** (Troncal/Obrigatoria/Optativa/L.E.): Troncal | **DURACIÓN** (cuadrim./anual): cuadrimestral |

| | | |
|---|---|---|
| **Créditos totais**: 4,5 | **Créditos teóricos**: 3 | **Créditos prácticos**: 1,5 |

**Correspondencia en horas ECTS**: 113

| | | |
|---|---|---|
| **CICLO**: 2º | **CURSO**: 5º | **CUADRIMESTRE**: 1º |

## *DATOS BÁSICOS DO PROFESORADO*

**NOME** (Profesor/a nº 1): Alberto Valín Fernández.

**ÁREA**: Historia Contemporánea

**DEPARTAMENTO**: Historia, Arte e Xeografía

| | | |
|---|---|---|
| **DESPACHO**: Pav. 2, 1º andar, nº 3 | **E-MAIL**: avalin@uvigo.es | **TFNO.**: 988387154 |

**TITORÍAS:**

**NOME** (Profesor/a nº 2): María Seijas Montero

**ÁREA**: Historia Moderna

**DEPARTAMENTO**: Historia, Arte e Xeografía

| | | |
|---|---|---|
| **DESPACHO**: a determinar | **E-MAIL**: mariaseijas@uvigo.es | **TFNO.**: A determinar |

**TITORÍAS:**

# *DATOS ESPECÍFICOS DA ASIGNATURA*

## 1. DESCRITOR:

Exame dos principais métodos e técnicas para chegar ao coñecemento do pasado segundo o período de que se trate.

## 2. OBXECTIVOS:

### *2.1 XERAIS* :

A intención dos docentes encargados desta materia é que o alumno/a se aproxime aos coñecementos teóricos e prácticos imprescindibles para a realización dun traballo de investigación histórica nas temáticas propias da Historia Moderna e Contemporánea. En consecuencia, como obxectivos xerais que se espera acadar cando remate o cuadrimestre figuran os seguintes:

a) Coñecemento dos procedementos do traballo de investigación histórica e dos criterios-académico-científicos que se deben ter presentes á hora do seu deseño.

b) Coñecemento das fontes básicas para a investigación en Historia Moderna e Contemporánea.

c) Coñecemento dalgúns dos métodos máis habituais de traballo en Historia Moderna e Contemporánea, tanto cuantitativos como cualitativos.

d) Coñecemento axeitado do que son os arquivos, das posibilidades que ofrecen para a investigación, dos seus sistemas de ordenación e dos pertinentes instrumentos de descrición.

e) Coñecemento dalgunhas técnicas e formas de recollida e tratamento da información.

f) Aproximación ao coñecemento das posibilidades que ofrecen ás novas tecnoloxías, e en especial os recursos existentes na rede, para a realización dun traballo de investigación.

g) Introducción ao estudo das diversas ou posibles maneiras de estructurar, citar e redactar un académico discurso histórico e os distintos xeitos e estilos literarios de presentalo, partindo para elo sempre do mínimo bagaxe semiótico con respecto ao análise textual.

### *2.2 ESPECÍFICOS*

### *A) Conceptuais*

- Conciencia das diferentes perspectivas historiográficas nos diversos períodos e contextos.
- Conciencia dos temas e problemas do debate historiográfico dos nosos días.
- Capacidade de ler textos historiográficos ou documentos orixinais na propia lingua, así como transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente.
- Conciencia de que o debate historiográfico e a investigación histórica están en continua construción.
- Conciencia de que a ferramenta primordial para expoñer os resultados do quefacer histórico é a literatura e, por elo, conciencia analíticamente semiolóxica do traballo literario do historiador.
- Conciencia de que a Historia non é nin será unha ciencia empírica e, por tanto, sempre terá a correspondente carga subxectiva por parte do que a fai.

### *B) Competencias e habilidades*

- Capacidade de identificar e empregar axeitadamente fontes de información para a investigación histórica.
- Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información, tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas.
- Coñecemento de a habilidade para usar métodos e técnicas de outras ciencias humanas.
- Capacidade para manexar os recursos e técnicas informáticas e de Internet ao elaborar datos históricos ou relacionados coa historia.
- Capacidade de definir temas de investigación que podan contribuír ao coñecemento e debate historiográfico.
- Habilidade para organizar información histórica complexa de xeito coherente.
- Habilidade de expoñer de forma narrativa e erudita os resultados da investigación conforme aos canons críticos da disciplina sen esquecer o feito de que a ciencia histórica non pode ser xamais unha ciencia empíricamente obxectiva.

## 3. METODOLOXÍA DOCENTE:

- <u>Clases presenciais</u>
  - Presentación das unidades por parte do profesor
  - Proxección de materiais audiovisuais
  - Entrega de textos para lectura e comentario
  - Establecemento de pautas de análise da documentación
- <u>Clases prácticas</u>
  - Organización e revisión das actividades individuais e grupais realizadas na aula.
  - Lectura e comentario de textos, achegamento á metodoloxía e técnicas de busca, recollida e tratamento da información.
- <u>Seminarios</u>
  - Organización e revisión dos traballos presentados polos estudantes
  - Comentario, debate e posta en común.

<u>Principios de procedemento ou de actuación docente</u>:
Promover nos estudantes unha metodoloxía de investigación na que se presenten heurísticas preguntas, se realicen buscas de información utilizando diversas fontes para responder ás mesmas, se desenvolvan hipóteses e se tiren conclusións
Establecer un contexto favorable para as discusións na aula, nas que os estudantes aprendan tanto a escoitar aos demais, como a expoñer os seus propios puntos de vista
Animar aos estudantes a reflexionar sobre as súas ideas e experiencias
Transformar o noso papel de docente, converténdonos, non só en transmisores de información, senón tamén en facilitadores de recursos, moderadores, etc.,
Promover as discusións abertas nas que non se pretenda necesariamente atopar respostas únicas e definitivas ás diferentes cuestións presentadas, protexendo a diversidade de opinións.
Ensinar aos estudantes a defender os seus puntos de vista aportando argumentos sólidos.

## 4. MÓDULOS E TEMARIO DESENVOLVIDO:

MÓDULOS.

1. Método e Técnicas en Historia Moderna.
2. Método e Técnicas en Historia Contemporánea.

TEMARIO.

Tema 1. Métodos y técnicas de investigación en historia moderna: as fontes e os métodos. Tipoloxía e crítica.
Tema 2. Un exemplo, a historia cuantitativa (I): as principais escolas e as novas respostas ("el "tournat" de 1989). A diversidade de fontes e problemas que presentan.
Tema 3. Un exemplo, a historia cuantitativa (II): As técnicas de sondeo e a súa aplicación a historia. As formas de representación estadística e representación gráfica dos resultados. Os pasos para a elaboración final do traballo de investigación.
Tema 4. Como se fai unha tese de doutoramento. Heurística e metodoloxía aplicada. Que é unha tese de doutoramento e para que serve. A elección do tema. Estudo de campo: a búsqueda do material. O plan de traballo e os catálogos. A redacción. As conclusiós.
Tema 5.Técnicas metodolóxicas: referencias bibliográficas, fichas de contido, reseñas de libros, diversos métodos de presentar as citas de autoridad, a análise textual, o estilo literario, os recursos para a investigación e a docencia en internet (Google books, ebooks, ...).
Tema 6. Miscelánea xeral sobre os distintos tipos de fontes históricas: arquivos, hemerotecas, bibliotecas, museos, filmotecas, e os testemuños orais.

## 5. BIBLIOGRAFÍA:

### 5.1 XERAL

ALÍA MIRANDA, F. (2005): *Técnicas de investigación para historiadores: las fuentes de la historia.* Madrid: Síntesis.
ALTED VIGIL, A.; Sánchez Belén, J.A. (2005): *Métodos y técnicas de investigación en Historia Moderna e Historia Contemporánea.* Madrid, Editorial Universitaria Ramón Areces.
ARÓSTEGUI, J. (2001): *La investigación histórica: teoría y método*, Barcelona, Crítica.
ECO, U. *Cómo se hace una tesis doctoral.* Barcelona, Gedisa, 1982.
HERNÁNDEZ SANDOICA, E. (1995): *Los caminos de la historia. Cuestiones de Historiografía y método.* Madrid, Ed. Síntesis.

### 5.2 ESPECÍFICA

**Historia Moderna**.

BARBANCHO, A.G. (1986): *Estadística elemental moderna.*
BOURDÉ, G. y MARTIN, H. (2004): *Las escuelas históricas.*
BURKE, P. (ed.) (2003): *Formas de hacer Historia.*
CÁCERES FERNÁNDEZ, J.J. (2006): *Conceptos básicos de estadística para ciencias sociales.*
FLOUD, R. (1983): *Métodos cuantitativos para historiales.*
GARCÍA FERNÁNDEZ, D., *Metodología del trabajo de investigación: guía práctica.*
HERNÁNDEZ SAMPIERI, R., FERNÁNDEZ COLLADO, C., BAPTISTA LUCIO, P. (2006): *Metodología de la investigación.*
KULA, W. (1977): *Problemas y Métodos de Historia Económica.*
ROBLES SASTRE, E. (2005): *Metodología e investigación: contenidos y formas.*
Sautu, R. et al., *Manual de Metodología. Construcción del marco teórico, formulación de objetivos y elección de la metodología*. Buenos Aires, CLASO, 2005.
TOPOLSKY, J. (1982): *Metodología de la Historia.*

**Historia Contemporánea**.

ALTED VIGIL, A. y SÁNCHEZ BELÉN, J. A.., *Métodos y técnicas de investigación en Historia Moderna e*

*Historia Contemporánea*. Madrid, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2005.
ARÓSTEGUI, J. *La investigación histórica: teoría y método*. Barcelona, Crítica, 1995.
BARRÉRE, B. (et al). *Metodología de la historia de la prensa española,* Madrid, Siglo XXI, 1982.
BURKE, P. *Visto y no visto. El uso de la imagen como documento histórico.* Barcelona, Crítica, 2001.
BURKE, P. *¿Qué es la historia cultural?.* Barcelona, Paidós, 2005.
CARDOSO, C. F. S. *Introducción al trabajo de la investigación histórica. Conocimiento, método e historia*. Barcelona, Crítica, 1981.
CARDOSO, C. F. S. y PÉREZ BRIGNOLI, H. *Los métodos de la historia. Introducción a los problemas, métodos y técnicas de la historia demográfica, económica y social*, Barcelona, Crítica, 1977.
DÍAZ BARRADO, M.P. (coord..) *Historia del tiempo presente. Teoría y metodología*. Salamanca, Universidad de Extremadura, 1998.
ECO, U. *Cómo se hace una tesis. Técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura*. Barcelona, Gedisa, 1982.
FONTANA, J. *Historia. Análisis del pasado y proyecto social*. Barcelona, Crítica, 1982.
FONTANA, J. *La Historia después de la Historia*. Barcelona, Crítica, 1992.
GARCÍA CÓRDOBA, F. *La tesis y el trabajo de tesis.* Méjico, Limusa, 2004.
GARCÍA GUTIÉRREZ, J. I. (et al). *Libro de Estilo*. Madrid, Universidad Pontificia de Comillas, 2003 (2ª ed.).
MUÑOZ RAZO, C. y BENASSINI FÉLIX, M. *Cómo elaborar y asesorar una investigación de tesis.* Méjico, Prentice Hall Hispanoamericana, 1998.
NOIRIEL, G. *Introducción a la sociohistoria*. Madrid, Siglo XXI, 2011.
ROSENTONE, R.A. *El pasado en imágenes. El desafío del cine a nuestra idea de la historia*. Barcelona, Ariel, 1997.
THOMPSON, P. *La voz del pasado. Historia oral.* Valencia, Edicions Alfons el Magnànim, 1998.
SÁNCHEZ VIGIL, J.M. *El universo de la fotografía. Prensa, edición, documentación.* Madrid, Espasa Calpe, 1999.
TUÑÓN DE LARA, M. *Metodología de la historia social de España*. Madrid, Siglo XXI, 1977.

## 6. CALENDARIO DE ORGANIZACIÓN DOCENTE SEMANAL (créditos ECTS)

## 7.- VALORACIÓN DE CRÉDITOS ECTS.

Materia de 4,5 créditos ECTS = 113 horas de carga de traballo para o alumno/a

Total de horas presenciais: 38

- -Teóricas: 22
- -Dirixidas: 13
- -Avalación continua: 3

MÉTODOS E TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA II

Total de horas de traballo autónomo: 75

| ACTIVIDADES | HORAS PRESENCIAIS | FACTOR[1] | HORAS DE TRABALLO AUTÓNOMO DO ALUMNO/A | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Sesións teóricas | 22 | | 14 | 33 |
| Sesións prácticas | 5 | | 25 | 33 |
| Seminarios (dirección e exposición de traballos) | 1 | | 4 | 5 |
| Visitas e outras actividades | 2 | | 2 | 4 |
| Probas de avaliación continua | 4 | | 20 | 24 |
| Exame final | 2 | | 10 | 12 |
| Revisión de exames | 2 | | 0 | 2 |
| **TOTAL** | **38 horas** | | **75 horas** | **113 horas** |

[1] O factor fai referencia, nun cálculo aproximado e revisable no futuro, ás horas que o alumno/a necesita traballar para: preparar as sesións teóricas, as prácticas máis o esquema/resumo, os seminarios (recollida de material, elaboración e exposición dos traballos), as visitas ou outras actividades máis o resumo, as titorías, a avaliación continua e o exame final, de ser o caso.

## 8.- AVALIACIÓN

| ASPECTO | CRITERIOS | INSTRUMENTO | PESO |
|---|---|---|---|
| Clases Teóricas | Coñecemento dos principais contidos teóricos da materia. | Avaliación continua ou/e exame final. | **60** |
| Clases Prácticas | Realización das prácticas programadas | Asistencia e participación (observación do prof.) | **10** |
| Seminarios | Comentarios de textos, gráficas, etc... | Entrega dos comentarios propostos | **30** |

**Avaliación final para o alumnado con algunha avaliación suspensa e para os que, por CAUSA XUSTIFICADA non poidan asistir a clases teóricas**

| PROBAS DE AVALIACIÓN FINAL | CRITERIOS | PESO |
|---|---|---|
| Exame | Os alumnos con una ou dúas avaliacións continuas suspensas, presentáranse á proba correspondente a esa parte da materia. | |
| Exame | Os alumnos non asistentes deberán realizar un exame sobre os contidos teóricos da materia.<br>Os alumnos non asistentes deberán entregar as recensións de cada lectura proposta para os seminarios | **50%**<br>**50%** |